O Distrito Forestal XV o de A Limia, con sede en Bande comprende a demarcación de A Limia 1 formada polos concellos de Xinzo de Limia, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio e Vilar de Santos, a demarcación de A Limia 2 formada polos concellos de Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira e Rairiz de Veiga a demarcación de A Baixa Limia 1 formada polos concellos de Bande, Lobios e Muíños, e por último a demarcación de Baixa Limia 2 formada polos concellos de Entrimo e Lobeira.

En relación a este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- ¿Cantos focos se rexistraron neste distrito?
- 2.- ¿Cómo se detectou o lume?
- 3.- ¿Sábese cales foron as causas do lume?
- 4.- ¿Qué superficie se queimou?
- 5.- ¿Qué especies arbóreas foron danadas?
- 6.- ¿Cales foron os medios e o persoal empregados na extinción?
- 7.- ¿Participaron os medios do Goberno do Estado na extinción dos incendios deste distrito?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2011

**Asinado dixitalmente por:**



grupo  
parlamentario  
de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/10/2011 16:47  
Nº Rexistro: 72011  
Data envío: 11/10/2011 16:47:24.709

**Maria Emma Álvarez Chao na data 11/10/2011 13:54:48**

**Maria Isabel García Pacín na data 11/10/2011 13:54:56**

**Antonio Fraga Sánchez na data 11/10/2011 13:55:05**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 11/10/2011 13:55:15**

**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 11/10/2011 13:55:28**

**Enrique Novoa López na data 11/10/2011 13:55:35**

**Rosa Oubiña Solla na data 11/10/2011 13:55:44**

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA  
Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 519  
F. 981 551 422  
ce.parlamentariodegalicia.es  
www.parlodela.galicia.es

## Á Mesa do Parlamento

**Emma Alvarez Chao, Isabel García Pacín, Antonio A. Fraga Sánchez, Yolanda Díaz Lugilde, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Enrique Novoa López e Rosa Oubiña Solla,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

Os incendios forestais en Galicia supoñen unha verdadeira lacra que atenta contra todos e cada un dos galegos, é un problema moi grave dende o punto de vista ambiental, social, de seguridade pero tamén, non nos podemos esquecer, dende o punto de vista económico xa que o custo provocado pola actividade delictiva incendiaria está sendo soportado polas Arcas Autonómicas tanto na prevención como na extinción de incendios a través dos medios propios da Xunta de Galicia pero tamén a través dos dispositivos contratados para facerlle fronte a actividade destes terroristas do rural durante os meses de maior risco de incendio forestal.

Durante este ano vivimos a primavera máis seca dos últimos 50 anos con condicións propicias para o inicio e a propagacións dos lumes a causa das altas temperaturas e as escasas precipitacións, presentándose un alto perigo de incendio na precampaña, sobre todo nos meses de abril e xuño.

Pero a seca foi a tónica permanente durante todo verán, xa que destaca historicamente pola falta de precipitacións.

Tralo remate da campaña de alto risco de incendios nun verán onde os medios técnicos e persoais responderon con dilixencia para no menor tempo posible controlar e extinguir os focos declarados, toca facer balance.

O Distrito Forestal XVI o de Deza - Tabeirós, con sede en Lalín comprende a demarcación de O Deza 1 formada polos concellos de Dozón, Lalín e Rodeiro, a demarcación de O Deza 2 formada polos concellos de Agolada, Silleda e Vila de Cruces, e por último a demarcación de Tabeirós formada polos concellos de Cercedo, A Estrada e Forcarei.

En relación a este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- ¿Cantos focos se rexistraron neste distrito?
- 2.- ¿Cómo se detectou o lume?
- 3.- ¿Sábese cales foron as causas do lume?
- 4.- ¿Qué superficie se queimou?
- 5.- ¿Qué especies arbóreas foron danadas?
- 6.- ¿Cales foron os medios e o persoal empregados na extinción?
- 7.- ¿Participaron os medios do Goberno do Estado na extinción dos incendios deste distrito?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2011

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria Emma Álvarez Chao na data 11/10/2011 13:56:36**

**Maria Isabel García Pacín na data 11/10/2011 13:56:43**

**Antonio Fraga Sánchez na data 11/10/2011 13:56:51**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 11/10/2011 13:57:00**

**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 11/10/2011 13:57:11**

**Enrique Novoa López na data 11/10/2011 13:57:19**

**Rosa Oubiña Solla na data 11/10/2011 13:57:27**

## Á Mesa do Parlamento

**Emma Alvarez Chao, Isabel García Pacín, Antonio A. Fraga Sánchez, Yolanda Díaz Lugilde, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Enrique Novoa López e Rosa Oubiña Solla,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

Os incendios forestais en Galicia supoñen unha verdadeira lacra que atenta contra todos e cada un dos galegos, é un problema moi grave dende o punto de vista ambiental, social, de seguridade pero tamén, non nos podemos esquecer, dende o punto de vista económico xa que o custo provocado pola actividade delictiva incendiaria está sendo soportado polas Arcas Autonómicas tanto na prevención como na extinción de incendios a través dos medios propios da Xunta de Galicia pero tamén a través dos dispositivos contratados para facerlle fronte a actividade destes terroristas do rural durante os meses de maior risco de incendio forestal.

Durante este ano vivimos a primavera máis seca dos últimos 50 anos con condicións propicias para o inicio e a propagacións dos lumes a causa das altas temperaturas e as escasas precipitacións, presentándose un alto perigo de incendio na precampaña, sobre todo nos meses de abril e xuño.

Pero a seca foi a tónica permanente durante todo verán, xa que destaca historicamente pola falta de precipitacións.

Tralo remate da campaña de alto risco de incendios nun verán onde os medios técnicos e persoais responderon con dilixencia para no menor tempo posible controlar e extinguir os focos declarados, toca facer balance.

O Distrito Forestal XVII o de O Condado – A Paradanta, con sede en Pontecesures comprende a demarcación de O Condado 1 formada polos concellos de Mondariz, Mondariz Balneario, Pontearreas e Covelo , a demarcación de O Condado 2 formada polos concellos de Arbo, As Neves e Salvaterra de Miño, e por último a demarcación de A Paradanta formada polos concellos de A Cañiza e Crecente.

En relación a este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- ¿Cantos focos se rexistraron neste distrito?
- 2.- ¿Cómo se detectou o lume?
- 3.- ¿Sábese cales foron as causas do lume?
- 4.- ¿Qué superficie se queimou?
- 5.- ¿Qué especies arbóreas foron danadas?
- 6.- ¿Cales foron os medios e o persoal empregados na extinción?
- 7.- ¿Participaron os medios do Goberno do Estado na extinción dos incendios deste distrito?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2011

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria Emma Álvarez Chao na data 11/10/2011 13:58:02**





grupo  
parlamentario  
de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/10/2011 16:48  
**Nº Rexistro: 72013**  
Data envío: 11/10/2011 16:48:12.443

**Maria Isabel García Pacín na data 11/10/2011 13:58:09**

**Antonio Fraga Sánchez na data 11/10/2011 13:58:21**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 11/10/2011 13:59:03**

**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 11/10/2011 13:59:12**

**Enrique Novoa López na data 11/10/2011 13:59:20**

**Rosa Oubiña Solla na data 11/10/2011 13:59:39**

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA  
Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 519  
F. 981 551 422  
[gp.parlamentariopopular@parlamento.galicia.es](mailto:gp.parlamentariopopular@parlamento.galicia.es)  
[www.parlamento.galicia.es](http://www.parlamento.galicia.es)

## Á Mesa do Parlamento

**Emma Alvarez Chao, Isabel García Pacín, Antonio A. Fraga Sánchez, Yolanda Díaz Lugilde, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Enrique Novoa López e Rosa Oubiña Solla,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

Os incendios forestais en Galicia supoñen unha verdadeira lacra que atenta contra todos e cada un dos galegos, é un problema moi grave dende o punto de vista ambiental, social, de seguridade pero tamén, non nos podemos esquecer, dende o punto de vista económico xa que o custo provocado pola actividade delictiva incendiaria está sendo soportado polas Arcas Autonómicas tanto na prevención como na extinción de incendios a través dos medios propios da Xunta de Galicia pero tamén a través dos dispositivos contratados para facerlle fronte a actividade destes terroristas do rural durante os meses de maior risco de incendio forestal.

Durante este ano vivimos a primavera máis seca dos últimos 50 anos con condicións propicias para o inicio e a propagacións dos lumes a causa das altas temperaturas e as escasas precipitacións, presentándose un alto perigo de incendio na precampaña, sobre todo nos meses de abril e xuño.

Pero a seca foi a tónica permanente durante todo verán, xa que destaca historicamente pola falta de precipitacións.

Tralo remate da campaña de alto risco de incendios nun verán onde os medios técnicos e persoais responderon con dilixencia para no menor tempo posible controlar e extinguir os focos declarados, toca facer balance.

O Distrito Forestal XVIII o de Vigo – Baixo Miño, con sede en O Porriño comprende a demarcación de Baixo Miño formada polos concellos de A Guarda, Oia, O Rosal, Tomiño e Tui, a demarcación de Vigo 1 formada polos concellos de Fornelo de Montes, Mos, Pazos de Borbén, Redondela e Soutomaior e por último a demarcación de Vigo 2 formada polos concellos de Baiona, Gondomar, Nigrán, O Porriño, Salceda de Caselas e Vigo.

En relación a este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- ¿Cantos focos se rexistraron neste distrito?
- 2.- ¿Cómo se detectou o lume?
- 3.- ¿Sábese cales foron as causas do lume?
- 4.- ¿Qué superficie se queimou?
- 5.- ¿Qué especies arbóreas foron danadas?
- 6.- ¿Cales foron os medios e o persoal empregados na extinción?
- 7.- ¿Participaron os medios do Goberno do Estado na extinción dos incendios deste distrito?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2011

**Asinado dixitalmente por:**

**María Emma Álvarez Chao na data 11/10/2011 14:00:20**



grupo  
parlamentario  
de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/10/2011 16:48  
**Nº Rexistro: 72014**  
Data envío: 11/10/2011 16:48:35.333

**Maria Isabel García Pacín na data 11/10/2011 14:00:27**

**Antonio Fraga Sánchez na data 11/10/2011 14:00:36**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 11/10/2011 14:00:45**

**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 11/10/2011 14:00:55**

**Enrique Novoa López na data 11/10/2011 14:01:03**

**Rosa Oubiña Solla na data 11/10/2011 14:01:12**

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA  
Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 519  
F. 981 551 422  
[gp.parlamentariopopular@parlamentodegalicia.es](mailto:gp.parlamentariopopular@parlamentodegalicia.es)  
[www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es)

## Á Mesa do Parlamento

**Emma Alvarez Chao, Isabel García Pacín, Antonio A. Fraga Sánchez, Yolanda Díaz Lugilde, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Enrique Novoa López e Rosa Oubiña Solla,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

Os incendios forestais en Galicia supoñen unha verdadeira lacra que atenta contra todos e cada un dos galegos, é un problema moi grave dende o punto de vista ambiental, social, de seguridade pero tamén, non nos podemos esquecer, dende o punto de vista económico xa que o custo provocado pola actividade delictiva incendiaria está sendo soportado polas Arcas Autonómicas tanto na prevención como na extinción de incendios a través dos medios propios da Xunta de Galicia pero tamén a través dos dispositivos contratados para facerlle fronte a actividade destes terroristas do rural durante os meses de maior risco de incendio forestal.

Durante este ano vivimos a primavera máis seca dos últimos 50 anos con condicións propicias para o inicio e a propagacións dos lumes a causa das altas temperaturas e as escasas precipitacións, presentándose un alto perigo de incendio na precampaña, sobre todo nos meses de abril e xuño.

Pero a seca foi a tónica permanente durante todo verán, xa que destaca historicamente pola falta de precipitacións.

Tralo remate da campaña de alto risco de incendios nun verán onde os medios técnicos e persoais responderon con dilixencia para no menor tempo posible controlar e extinguir os focos declarados, toca facer balance.

O Distrito Forestal XIX o de Caldas – O Salnés, con sede en Vilagarcía de Arousa comprende a demarcación de Caldas – O Salnés formada polos concellos de Barro, Caldas de Reis, Catoira, Cuntis, Pontecesures, Portas, Valga, A Illa de Arousa, Cambados, O Grove, Meaño, Meis, Poio, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa, a demarcación do Morrazo formada polos concellos de Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Pontevedra e Vilaboia e por último a demarcación de Pontevedra formada polos concellos de Campo Lameiro, Cotobade, A Lama, Pontecaldelas e Moraña.

En relación a este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- ¿Cantos focos se rexistraron neste distrito?
- 2.- ¿Cómo se detectou o lume?
- 3.- ¿Sábese cales foron as causas do lume?
- 4.- ¿Qué superficie se queimou?
- 5.- ¿Qué especies arbóreas foron danadas?
- 6.- ¿Cales foron os medios e o persoal empregados na extinción?
- 7.- ¿Participaron os medios do Goberno do Estado na extinción dos incendios deste distrito?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2011



grupo  
parlamentario  
de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/10/2011 16:48  
**Nº Rexistro: 72015**  
Data envío: 11/10/2011 16:48:59.442

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria Emma Álvarez Chao na data 11/10/2011 14:01:48**

**Maria Isabel García Pacín na data 11/10/2011 14:01:57**

**Antonio Fraga Sánchez na data 11/10/2011 14:02:05**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 11/10/2011 14:02:14**

**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 11/10/2011 14:02:23**

**Enrique Novoa López na data 11/10/2011 14:02:33**

**Rosa Oubiña Solla na data 11/10/2011 14:02:44**

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA  
Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 519  
F. 981 551 422  
[gp.parlamentariopopular@parlamento.galicia.es](mailto:gp.parlamentariopopular@parlamento.galicia.es)  
[www.parlamento.galicia.es](http://www.parlamento.galicia.es)



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Henrique Viéitez Alonso e Carme Adán Villamarín** deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa ás dotacións non científicas para a ETEA en Vigo.

Concibida como unha peza esencial na recuperación e revitalización da parroquia de Teis, a superficie que ocupa as anteriores instalacións da Escola de Transmisións e Electrónica da Armada recollíase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do concello de Vigo a combinación da investigación científica e o ocio cidadán, respondendo ás necesidades e previsións feitas pola Universidade de Vigo, as demandas da cidade e as vellas reivindicacións dos veciños e veciñas de Teis.

A conclusión e conxunción dos distintos intereses, concretase nun campus de excelencia científica como é o “Campus do Mar”, a dotación de servizos para a parroquia e a cidade e, con especial énfase na recuperación do bordo litoral e rexeneración da zona costeira, poñéndoa en valor, restituíndoa á cidade e permitindo a dinamización dun espazo castigado polo desenvolvemento desordenado e intensivo.

Estas circunstancias foron bordeadas de xeito constante polo actual Goberno galego, nas que a indefinición e ambigüidades foron unha norma de comportamento e onde, a información fluída e constante coa administración máis implicada como é o concello de Vigo ten sido escasa, por non dicir practicamente inexistente. Este comportamento non é produto da casualidade senón dun claro interese por parte do Goberno galego que, baixo expresións como “será unha parte máis da cidade” ou ‘imos devolverlle a ETEA á cidade e aos vigueses’, foron repetidas dun xeito insistente polo propio presidente do executivo galego. En definitiva pretendese facer caixa edianque o proposta sexa adubada e edulcorada en sucesivos documentos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Camiñando neste carreiro, o Goberno presenta o proxecto sectorial para a ETEA onde fala, en sucesivas páxinas, de novas edificacións en “espazos vacantes que resulten da derruba de edificios” e ”buscando un uso non so tecnolóxico”. Dadas estas circunstancias obríganos a formular as seguintes preguntas con resposta oral en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Cando ten pensado presentar o proxecto definitivo para os terreos da ETEA o Goberno galego?.

2ª) Dentro dos usos “non tecnolóxicos” contempla a construción de vivendas?. De ser certo canta sería a superficie construíbel?. Cantas vivendas resultarían?.

3ª) Que contempla o Goberno galego como uso asistencial e cales serían seus usos concretos?. Cal sería a superficie construíbel?

4ª) En canto cifra o Goberno a recuperación do investimento?.


5ª) Ten consensuado o proxecto final, no caso de que o houbera, con concello de Vigo e cos colectivos sociais da parroquia?.

Compostela, 11 de outubro do 2011

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

**Carme Adán Villamarín**

Deputado e Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Henrique Vieitez Alonso na data 11/10/2011 16:57:27**

**Maria do Carme Adán Villamarín na data 11/10/2011 16:57:33**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Luis Méndez Romeu**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Os expertos coinciden en sinalar a febleza das facendas municipais como un trazo distintivo dos concellos galegos de menor tamaño. A elevada dependencia das subvencións doutras administracións dificulta a planificación e a xestión dos servizos. Para paliar esa deficiencia foron creadas moitas mancomunidades e tamén outras estruturas supramunicipais.

As mancomunidades galegas, de acordo cun recente estudo do Ministerio de Política Territorial, atenden a moitos servizos diferentes, entre outros aos seguintes:

Servizo	Nº de mancomunidades
Recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos	28
Abastecemento de augas	20
Servizos técnico-urbanísticos	14
Urbanismo	12

Os dous primeiros son servizos de elevado custo, os dous últimos de grande complexidade. Todos eles correspóndense coas competencias máis relevantes dos concellos. Considerando as tendencias na evolución deses servizos os seus custos e o contexto galego parece necesario impulsar esas fórmulas de agrupamento ou ben outras das previstas na lexislación.

Porque se o número de concellos sen planeamento urbanístico é aínda elevado o pulo de solucións compartidas podería reducilos custo, igual acontece cos grandes investimentos en infraestruturas de abastecemento.



Grupo Parlamentario

Sendo necesario coñecelas previsións da Xunta, formúlanse as seguintes preguntas:

.....  
1.<sup>a</sup>) Que avaliación fai o Goberno galego dos servizos prestados polas mancomunidades en materia de residuos, abastecemento de auga e urbanismo?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

.....  
2.<sup>a</sup>) Que medidas de impulso das fórmulas supralocais serán adoptadas?

3.<sup>a</sup>) Que recursos serán dedicados?

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2011

Asdo: José Luis Méndez Romeu  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 13/10/2011 10:33:36**

## Á Mesa do Parlamento

**Emma Álvarez Chao, Isabel García Pacín, Antonio A. Fraga Sánchez, Yolanda Díaz Lugilde, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Enrique Novoa López e Rosa Oubiña Solla,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

O pasado 7 de outubro, o Conselleiro do Medio Rural, D. Samuel Juárez, presidiu a presentación da nova marca “Ternera Gallega Suprema-Carne de Rubia Gallega”, froito da alianza entre a IXP Ternera Gallega e ACRUGA (Asociación de Criadores de Raza Rubia Gallega).

Con esta nova marca pretendese a comercialización de carne procedente dos tenreiros de raza rubia galega, criados nas explotacións tradicionais de acordo co establecido no regulamento da IXP.

A evolución da Indicación Xeográfica protexida *Ternera Gallega* segue unha progresión positiva, así o sinalan os datos da súa memoria 2010. Segundo este historial, o seu volume de negocio medrou nunha porcentaxe dun 5,2% en comparación coa media de 2005-2009, situándose nos 83,3 millóns de euros.

En canto á carne certificada, en 2010 o volume total da comercializada ao amparo desta Indicación foi de 16.030 toneladas e as canais certificadas tamén medraron, pasando a ter 74.701 en 2010.

En relación a este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- ¿De qué maneira apoiou a Consellería de Medio Rural a marca “Ternera Gallega Suprema-Carne de Rubia Gallega”?

- 2.- ¿Qué volume de carne se espera certificar a través da nova marca “Ternera Gallega Suprema – Carne de Rubia Gallega”?
- 3.- ¿En que medida se poden ver afectados os produtores inscritos na Indicación Xeográfica Protexida?
- 4.- ¿En que maneira apoia a Consellería de Medio Rural o desenvolvemento da produción de carne de vacún de calidade en Galicia?
- 5.- ¿Cantos produtores de carne de vacún de calidade se viron acollidos as axudas de primeira incorporación?
- 6.- ¿Cantos produtores de carne de vacún de calidade se viron acollidos as axudas aos plans de mellora?
- 7.- ¿Cal é a repercusión das anteriores axudas por provincia?
- 8.- ¿Cal é o montante do pago das primas adicionais por vaca nutriz que reciben os produtores de vacún de carne de calidade?
- 9.- ¿Cal é a concentración de pagos das primas adicionais por vaca nutriz por provincia?
- 10.- ¿Cal é o potencial de Ternera Gallega na provincia de Lugo en relación ao resto das provincias Galegas en canto a tenreiros rexistrados e en canto a canais certificadas?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2011



grupo  
parlamentario  
de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/10/2011 10:53  
Nº Rexistro: 72046  
Data envío: 13/10/2011 10:53:39.458

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria Emma Álvarez Chao na data 13/10/2011 9:39:30**

**Maria Isabel García Pacín na data 13/10/2011 9:39:38**

**Antonio Fraga Sánchez na data 13/10/2011 9:39:47**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 13/10/2011 9:39:56**

**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 13/10/2011 9:40:07**

**Enrique Novoa López na data 13/10/2011 9:40:15**

**Rosa Oubiña Solla na data 13/10/2011 9:40:27**

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA  
Rúa do Hórreo, 63  
15702 Sarriego de Compostela  
T. 981 551 519  
F. 981 551 422  
[gp.parlamentariopopular@xg.es](mailto:gp.parlamentariopopular@xg.es)  
[www.pdgalego.es](http://www.pdgalego.es)



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Luis Méndez Romeu**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A Consellaría de Sanidade vén demandando actuacións na comarca da Coruña que garantan a continuidade da calidade na prestación dos servizos de asistencia primaria. Así, o proxecto de ampliación do Centro de Saúde de Castrillón, está paralizado malia a demanda de terreos que no seu día demandou a consellaría. Igualmente existen problemas de atención ao público nos ambulatorios de Palavea ou de Acea da Ma. As ausencias por vacacións dos facultativos non son cubertas, polo tanto, non se dan citas.

Son consecuencias dunha política restrictiva en recursos humanos, sanitarios, que incide desfavorablemente na calidade da prestación e na satisfacción dos usuarios.

Sendo necesario coñecer os motivos que provocan esas disfuncións, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Está prevista a ampliación do Centro de Atención Primaria de Castrillón?, de ser así, ¿en que data e cal será o investimento?

2.ª) Que melloras na atención están previstas no Centro de Atención Primaria de Palavea?

3.ª) Por que non están sendo cubertas as ausencias por vacacións dos pediatras adscritos ao Centro de Atención Primaria de Acea da Ma?

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2011

Asdo: José Luis Méndez Romeu  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 13/10/2011 10:39:36**





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Luis Méndez Romeu**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A posición dos consumidores diante dos grandes operadores de servizos de telefonía, electricidade, gas ou auga, é de relativa indefensión. Contratos dificilmente intelixibles, facturas mal explicadas, oficinas de reclamación telefónica, etc. O consumidor está relativamente inerte diante das actuacións do seu provedor. A canle administrativa, oficinas de consumo, tribunais de arbitraje, departamentos da Xunta, actúan con tempos de resolución que ás veces non dan satisfacción ás necesidades urxentes.

Así, por exemplo, en caso de suspensión unilateral do servizo eléctrico, o artigo 85 do Real Decreto 1955/2000 establece que antes da suspensión o usuario debe ser notificado fehacientemente e con dous meses de antelación. Esa actuación, de non producirse, esixe a intervención administrativa da Consellaría, pois se o usuario ofertado recorre a través de consumo estará obrigado a un pago de reenganche polo duplo da cantidade ordinaria. É dicir, que o usuario quedaría dobremente penalizado sen motivo algún.

Por iso o deputado que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Que capacidade de actuación ten a Consellaría de Industria en casos de suspensión do unilateral pola compañía provedora do subministro eléctrico?
- 2.<sup>a</sup>) Cantos casos se producen cada ano en Galicia?
- 3.<sup>a</sup>) En cantos deles foi sancionada a compañía provedora?

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2011

Asdo: José Luis Méndez Romeu  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 13/10/2011 10:35:40**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Luis Méndez Romeu, María José Caride Estévez, María Concepción Burgo López e José Manuel Lage Tuñas,** deputados e as deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 4ª**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A Lei do audiovisual estableceu que o seis por cento dos ingresos da Compañía de Televisión de Galicia, sería investido no sector audiovisual. Esa norma permitiu o desenvolvemento do sector.

Recentemente, a Televisión de Galicia está aplicando unha política de recortes nas axudas á produción e tamén criterios de opacidade na concesión de axudas. Sábese que as axudas para a produción discriminan ás empresas. Tamén é coñecido o arbitrario criterio nas axudas ás diferentes modalidades da produción: longametraxes, series e animación.

Ademais, a Axencia Galega de Industrias culturais tamén está aplicando recortes e discriminacións.

Doutra banda, a Televisión de Galicia vén incumprindo os criterios de transparencia, esquecendo a publicación de contratos en Internet, a publicidade dos concursos, etc.

É, por iso, que se formulan as seguintes preguntas o Goberno galego:

1.ª) Considera o Goberno galego que se está a cumprir a lei en materia de axudas ao audiovisual?

2.ª) Que criterios utiliza a TVG para seleccionar empresas produtoras de contratos audiovisuais?

3.ª) Que criterios presiden a distribución de axudas entre as diferentes modalidades de produción?



Grupo Parlamentario

4.<sup>a</sup>) Cal foi a porcentaxe dos ingresos aplicado ao funcionamento da produción allea nos anos 2010 e 2011?

5.<sup>a</sup>) Por que non se dá publicidade aos contratos na web da Compañía?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2011

Asdo: José Luis Méndez Romeu  
María José Caride Estévez  
María Concepción Burgo López  
José Manuel Lage Tuñas  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 13/10/2011 10:28:39**

**María José Caride Estévez na data 13/10/2011 10:28:42**

**María Concepción Burgo López na data 13/10/2011 10:28:50**

**José Manuel Lage Tuñas na data 13/10/2011 10:28:58**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Luis Méndez Romeu, María José Caride Estévez, María Concepción Burgo López e José Manuel Lage Tuñas,** deputados e as deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas** de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 6ª**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A Lei do audiovisual estableceu que o seis por cento dos ingresos da Compañía de Televisión de Galicia, sería investido no sector audiovisual. Esa norma permitiu o desenvolvemento do sector.

Recentemente, a Televisión de Galicia está aplicando unha política de recortes nas axudas á produción e tamén criterios de opacidade na concesión de axudas. Sábese que as axudas para a produción discriminan ás empresas. Tamén é coñecido o arbitrario criterio nas axudas ás diferentes modalidades da produción: longametraxes, series e animación.

Ademais, a Axencia Galega de Industrias culturais tamén está aplicando recortes e discriminacións.

Doutra banda, a Televisión de Galicia vén incumprindo os criterios de transparencia, esquecendo a publicación de contratos en Internet, a publicidade dos concursos, etc.

É, por iso, que se formulan as seguintes preguntas o Goberno galego:

1.ª) Considera o Goberno galego que se está a cumprir a lei en materia de axudas ao audiovisual?

2.ª) Que criterios utiliza a TVG para seleccionar empresas produtoras de contratos audiovisuais?

3.ª) Que criterios presiden a distribución de axudas entre as diferentes modalidades de produción?



Grupo Parlamentario

4.<sup>a</sup>) Cal foi a porcentaxe dos ingresos aplicado ao funcionamento da produción allea nos anos 2010 e 2011?

5.<sup>a</sup>) Por que non se dá publicidade aos contratos na web da Compañía?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2011

Asdo: José Luis Méndez Romeu  
María José Caride Estévez  
María Concepción Burgo López  
José Manuel Lage Tuñas  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 13/10/2011 10:25:34**

**María José Caride Estévez na data 13/10/2011 10:25:37**

**María Concepción Burgo López na data 13/10/2011 10:25:47**

**José Manuel Lage Tuñas na data 13/10/2011 10:25:54**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Luis Méndez Romeu**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 6.<sup>a</sup>**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A oportunidade dunha campaña electoral é aproveitada para difundir noticias non contrastadas ou procedentes de fontes reservadas que fan imposible a súa comprobación. Así asistimos á utilización dun sumario reservado que está en curso nos xulgados lucenses, para provocar polémicas de ámbito nacional nas que aparecen citados diferentes políticos que non poden defenderse, precisamente polo segredo do sumario. Que alguén teña filtrado o sumario aos medios de comunicación só engade confusión.

Pero o certo é que nese sumario aparecen tamén citados altos cargos da Xunta de Galicia, que mesmo estiveron días en dependencias policiais. Dende ese momento, e van xa moitos meses, a Xunta tense negado a explicar a situación procesual desas persoas, mesmo a súa situación no organigrama da Administración. Tense dito en algún momento que estaban en situación de suspenso, pero esa situación é descoñecida na Administración.

A imaxe da Xunta non pode ser máis lamentable. Segundo informacións da Axencia Tributaria, o sumario estaría aberto por delitos de fraude en subvencións públicas, falsidade documental, alzamento de bens, branqueo de capitais e fraude fiscal. Segundo informacións dos medios de comunicación, única fonte dispoñible, a situación procesual sería de liberdade con cargos e sen medidas cautelares.

É por iso que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Que datos coñece a Xunta de Galicia sobre a situación procesual dos altos cargos do Igape que foron detidos o pasado mes de maio?



Grupo Parlamentario

2.<sup>a</sup>) Que investigacións internas foron feitas arredor dos feitos que investiga o xulgado?

3.<sup>a</sup>) Cales son os resultados?

4.<sup>a</sup>) Cal é o fundamento xurídico da actual situación do director xeral do Igape?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 11 de outubro de 2011

Asdo: José Luis Méndez Romeu  
Deputado do G.P. dos Socialistas

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 13/10/2011 11:23:02**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Luis Méndez Romeu e María José Caride Estévez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 6.<sup>a</sup>**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Hai uns meses o Igape formalizaba coa Confederación de Empresarios de Galicia, un convenio para o fomento da internacionalización do tecido produtivo galego. A medio desa fórmula o Igape externalizaba a súa rede exterior en favor dunha organización sectorial. O volume das transferencias é moi notable, como queda evidenciado no seguinte cadro:

Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) para o fomento da internacionalización do tecido produtivo galego mediante a rede de plataformas empresariais no exterior e o servizo de licitacións internacionais (27.10.2010)

Ano	2011	2012	2013	2014
<b>Colaboración</b>	604.874,68	4.295.485,08	6.398.768,73	6.725.857,57

Sobre ese convenio nada se coñece, malia ter sido solicitado polas canles previstas regulamentariamente. Todas as informacións proceden dos medios de comunicación, onde a Xunta ten anunciado a revisión e a supresión das súas oficinas exteriores. En ningún momento foi explicado o convenio, nin os motivos de terse elixido á confederación empresarial, nin as vantaxes do novo sistema en comparación co anterior. Doutra banda, as elevadas transferencias fan necesario coñecer a finalidade do gasto.

É por iso que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Por que motivos o Igape abandona a rede exterior existente?

2.<sup>a</sup>) Por que motivos foi asinado ese convenio coa Confederación de Empresarios de Galicia?





Grupo Parlamentario

3.<sup>a</sup>) Por que non foi obxecto de concurso público?

4.<sup>a</sup>) Non considera a Xunta que pode existir colisión de intereses no presente convenio?

5.<sup>a</sup>) Que conceptos, e por que importes respectivos figuran no convenio?

6.<sup>a</sup>) Cal será o réxime retributivo, contractual e xurídico do persoal das oficinas creadas?

Pazo do Parlamento, 11 de outubro de 2011

Asdo: José Luis Méndez Romeu

María José Caride Estévez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 13/10/2011 11:03:55**

**María José Caride Estévez na data 13/10/2011 11:03:59**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Luis Méndez Romeu e María Carmen Acuña do Campo**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Na minería inciden diferentes normativas sectoriais. No sector dos áridos estanse producindo explotacións ilegais baixo a cobertura de obras públicas ou doutro tipo. Prodúcese así un dobre problema, dun lado unha competencia desleal coas empresas titulares de dereitos de explotación en réxime de concesión administrativa, e doutro lado, ocasionando unha destrución do territorio sen as medidas de rexeneración medioambiental que as empresas teñen presentes no seus proxectos de explotación.

A Xunta non está a exercer ningún tipo de control sistemático desas actividades. Por exemplo, no porto de Ferrol atópanse depositadas medio millón de toneladas de áridos sen valorizar, procedentes de estradas de Holanda. Son áridos constituídos por alcatrán de hulla, un produto que hoxe non se utiliza porque ten hidrocarburos solubles coas augas pluviais e que contaminan os acuíferos.

Non se coñecen os medios inspectores da Consellaría de Industria en materia de minería e a Lei de ordenación da minería de Galicia fica sen desenvolvemento regulamentario logo de tres anos. O plan sectorial previsto na lei atopase paralizado. As 120 empresas do sector carecen dun marco xurídico que garanta o seu futuro. Trátase dun sector maduro, con investimentos importantes en cada explotación e cun volume de emprego notable.

É por iso que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Como exerce a Xunta a función de inspección sobre as explotacións mineiras?



Grupo Parlamentario

2.<sup>a</sup>) Cantos funcionarios e de que rango administrativo están adscritos á función inspectora?

3.<sup>a</sup>) Cantas actas foron levantadas no ano 2010, e cales son os plans anuais de inspección?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia


Pazo do Parlamento, 11 de outubro de 2011

Asdo: José Luis Méndez Romeu  
María Carmen Acuña do Campo  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 13/10/2011 11:17:25**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 13/10/2011 11:17:37**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/10/2011 11:28  
Nº Rexistro: 72067  
Data envío: 13/10/2011 11:28:10.684

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á resolución do 28 de xuño de 2011, da D. X. De Patrimonio, pola que se incoa o procedemento para a declaración de ben de interese cultural o conxunto da obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

O Parlamento de Galiza, na sesión celebrada o 13 de Abril de 2010, aprobou por unanimidade unha proposición non de lei – a proposta do BNG- para protexer e promover a obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Un dos puntos desta iniciativa instaba á Xunta de Galiza a “Incoar o expediente oportuno para declarar como Ben de Interese Cultural (BIC) o conxunto da obra de Castelao”. Catorce meses após este acordo parlamentar o Diario Oficial de Galiza incoaba este expediente, se ben o proceso para que esta declaración sexa efectiva non se ten finalizado.

Porén, hai un aspecto deste expediente que consideramos merece unha aclaración por parte da Dirección Xeral de Patrimonio. A resolución, no seu punto segundo, sinalaba que a declaración é como Ben de Interese Cultural Inmaterial. Isto semella incoherente en relación coa obra de Castelao que abranguería tanto bens móbeis, como bibliográficos e documentais.

A Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galiza establece o procedemento para a declaración dun ben de interese cultural. No seu artigo 11, establece que debe facerse unha “descrición clara e exhaustiva do obxecto da



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

declaración que facilite a súa correcta identificación”. É certo que esta resolución inclúe un anexo onde se cita parte da obra de Castelao, mais como se indica na parte expositiva “esta relación pode servir para darnos unha idea da extensión, singularidade e pervivencia da súa pegada cultural”.

Consideramos que estes extremos deben ser aclarados. A obra de Castelao non é un ben inmaterial, é tanxíbel e como tal debe ser declarada.

Polo dito, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

- 1.<sup>a</sup>) Que razóns xustifican que, na citada resolución, se indique que a obra de Castelao vai declararse como ben de interese cultural inmaterial?
- 2.<sup>a</sup>) Cando ten previsto a Xunta de Galiza finalizar este expediente?
- 3.<sup>a</sup>) Vai incluír nesta declaración os bens móbeis, documentais e bibliográficos que integran a obra de Castelao?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo  
Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 13/10/2011 11:22:42**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento


**Carme Adán Villamarín e Teresa Táboas Veleiro**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O transporte escolar é un servizo educativo complementario básico para a calidade do sistema educativo non universitario galego. A raíz da decisión de ampliar as concesións deste servizo as empresas de transporte, o grupo parlamentar do BNG propuxo unha iniciativa neste Parlamento instando a realizar un estudo sobre as necesidades actuais do servizo. Esta iniciativa foi aprobada por unanimidade na Comisión 2ª do 9 de setembro de 2010.

Dado que este grupo parlamentar até a data de hoxe non ten coñecemento dos traballos realizados, fórmulanse as seguintes preguntas:

- 1.ª) Que traballos leva realizados a Consellaría de Educación para dar cumprimento ao acordo acadado por unanimidade na Comisión 2ª celebrada o día 9 de setembro do 2010 sobre o estudo das necesidades do transporte escolar de Galiza?
- 2.ª) Cales son as conclusións máis destacadas destes traballos?
- 3.ª) Que melloras realizará a Consellaría de Educación no transporte escolar á luz das necesidades analizadas?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2011



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Carme Adán Villamarín**

Teresa Táboas Veleiro

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria do Carme Adán Villamarín na data 13/10/2011 11:35:20**

**Teresa Táboas Veleiro na data 13/10/2011 11:35:24**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Beatriz Sestayo Doce**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Plan concertado constitúe un instrumento fundamental para a colaboración e coordinación entre as administracións con competencias en políticas sociais co fin de prestar servizos públicos, actuacións e programas absolutamente fundamentais para o benestar das persoas. Sen Plan concertado non poderían existir os servizos públicos sociais que existen na actualidade.

Este plan nacido froito das políticas socialistas, ten sido o soporte de políticas municipais sociais, tanto de dotación de persoal como na elaboración, mantemento e desenvolvemento de programas de atención e cohesión social.

Obxectivos fundamentais do Plan son garantir servizos sociais a toda a poboación, proporcionar aos cidadáns e cidadás servizos sociais de calidade axeitados ás súas necesidades, construír redes públicas de equipamentos sociais, ou cooperar cos concellos na prestación de servizos sociais de calidade.

A entrada de Feijóo ao Goberno da Xunta vén supoñendo un ataque directo ao Plan concertado. Os recortes que se teñen experimentado, malia os anuncios ao uso da conselleira Mato, están a asfixiar aos concellos, e, o máis importante, a persoas que precisan deste plan para vivir nunhas mínimas condicións de benestar.

Os incomparables recortes da Xunta de Galicia en axudas a domicilio impedindo novas altas, a desaparición de programas está a ser denunciado polas profesionais e os profesionais do sector defendendo o interese das políticas sociais. Os anuncios da Consellaría de Benestar e Traballo sobre o Plan concertado son tantos como incumprimentos contrastables e acreditados no seu tempo de Goberno.





Grupo Parlamentario

En virtude do exposto a deputada que asina formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Vai rectificar o Goberno galego os recortes acordados no Plan concertado pola Consellaría de Benestar e Traballo?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 10 de setembro de 2011

Asdo: Beatriz Sestayo Doce  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Beatriz Sestayo Doce na data 13/10/2011 11:37:34**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Xoaquín Fernández Leiceaga, María Concepción Burgo López, Guillermo Meijón Couselo, e Silvia Fraga Santos**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

No orzamento do ano 2009 as bolsas a alumnos universitarios (09-04-422C-4800) tiñan unha consignación de 4.137.389 euros; dous anos máis tarde a cifra recollida no orzamento do exercicio de 2011 baixaran a 3.027.936 euros, un 25% menos.

Non obstante, os compromisos establecidos cos cidadáns falaban tanto dun incremento nos recursos para o fomento do acceso ás ensinanzas de grao e de mestrado como un maior fomento da mobilidade internacional do estudantado universitario, por medio do programa Erasmus e similares. No ano 2011 a cantidade aplicada a estes programas (convocatoria de novembro de 2010 e complementaria de 2011) apenas supera o millón de euros.

Neste contexto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Como pensa aumentar a mobilidade internacional dos estudantes universitarios reducindo os recursos á súa disposición?

2.<sup>a</sup>) Como pensa incrementar o apoio ao acceso aos estudos de grao e mestrado reducindo os recursos a disposición dos estudantes?

Pazo do Parlamento, 11 de outubro de 2011


Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga  
María Concepción Burgo López  
Guillermo Meijón Couselo  
Silvia Fraga Santos

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/10/2011 14:04:12**



 Grupo Parlamentario

**María Concepción Burgo López na data 13/10/2011 14:04:22**

**Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 13/10/2011 14:04:25**

.....  
**Silvia Belen Fraga Santos na data 13/10/2011 14:04:32**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

.....



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Miguel Ángel Fernández López, María Carmen Acuña do Campo, Modesto Pose Mesura**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa á previsión da apertura da unidade de hospitalización infanto-xuvenil no CHUS.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por parte dos especialistas da nosa comunidade e do resto do Estado reconécese que aínda que a prevalencia da patoloxía psiquiátrica en menores é similar á existente no resto do Estado, as carencias aquí comparadas coas do resto do Estado son maiores. De feito sempre se reclamou a existencia dunha unidade específica de hospitalización para os ditos pacientes.

No Plan estratéxico de saúde mental aprobado polo anterior Goberno galego, estaba prevista a apertura da tan necesaria Unidade de Hospitalización Psiquiátrica Infanto-Xuvenil.

Dous anos e medio despois da chegada do novo Goberno, a Galicia segue sen ter a tan necesaria unidade de hospitalización. Segundo as nosas noticias parece que esta prevista a súa apertura nos próximos días ou semanas.

Por todo iso, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.<sup>a</sup>) Cando se vai abrir a Unidade de Hospitalización Psiquiátrica Infanto-Xuvenil?

2.<sup>a</sup>) En que lugar se vai abrir?

3.<sup>a</sup>) Cantas camas vai ter esta nova unidade de hospitalización?

4.<sup>a</sup>) Cal vai ser a radicación destas camas?

5.<sup>a</sup>) As camas da dita unidade estarán todas no mesmo centro ou estarán distribuídas por diferentes centros asistenciais?



Grupo Parlamentario

6.<sup>a</sup>) Cales serán os especialistas responsables da dita unidade?

7.<sup>a</sup>) Canto persoal sanitario e non sanitario terá esta unidade?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

8.<sup>a</sup>) Será persoal específico para a dita unidade, ou terá que compartir esta tarefa con outras responsabilidades ou tarefas doutras unidades?

9.<sup>a</sup>) Cal é o número de pacientes e patoloxías que deben ser derivados, para a súa atención na Unidade existente no Hospital Gregorio Marañón?

10.<sup>a</sup>) Cal é a previsión da consellaría de derivacións, unha vez aberta á unidade na nosa Comunidade?

Pazo do Parlamento, 11 de outubro de 2011

Asdo: Miguel Angel Fernández  
María Carmen Acuña do Campo  
Modesto Pose Mesura  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Fernández López na data 13/10/2011 14:21:44**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 13/10/2011 14:21:51**

**Modesto Pose Mesura na data 13/10/2011 14:21:55**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Miguel Ángel Fernández López, María Carmen Acuña do Campo, Modesto Pose Mesura**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa á situación da aplicación do Plan galego de coidados paliativos.

Na anterior lexislatura elaborouse e púxose en marcha o Plan autonómico de coidados paliativos. A Consellería de Sanidade, e polo tanto a nosa Comunidade, recibiu as felicitacións e parabéns das sociedades científicas implicadas na atención destes pacientes ao longo do Estado pola súa calidade, e pola implicación do Goberno galego na mellora asistencial dos pacientes afectos de patoloxías subsidiarias de ser atendidas nas ditas unidades.

O dito plan tiña como misión prestar atención integral e integrada aos pacientes con enfermidade avanzada e complexa, garantíndolles a mellor calidade de vida posible e dándolles resposta axeitada ás súas necesidades e ás dos seus familiares e/ou coidadores.

Dende a chegada do Goberno do PP iniciáronse unha serie de recortes asistencias, que están a menoscabar a calidade asistencial do sistema sanitario público de Galicia. Unha das áreas máis afectadas é a referente ás unidades de coidados paliativos e a suspensión do Plan de coidados paliativos.

A parálise do dito plan supuxo que a extensión prevista aos hospitais comarcais e unidades de primaria, fundamentais, en opinión dos profesionais, para unha mellor asistencia ao doente, se paralizase.

Pero ademais desta parálise na extensión ás unidades de atención primaria, na nosa opinión e na dos profesionais que atenden ás ditas unidades, produciuse un importante recorte.



Grupo Parlamentario

Por todo o anteriormente exposto, formulámoslle á Sra. conselleira de Sanidade as seguintes preguntas:

1.<sup>a</sup>) Cantas unidades de coidados paliativos se abriron nos hospitais dende a súa chegada ao Goberno?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2.<sup>a</sup>) Cantos facultativos especialistas se incrementaron nestas unidades?

3.<sup>a</sup>) Cantos DUE, Auxiliares de enfermería, celadores e persoal administrativo, había nas ditas unidades á súa chegada ao Goberno?

4.<sup>a</sup>) Cal é o número de persoal nas ditas categorías, a día de hoxe, que están adscritos a estas unidades?

5.<sup>a</sup>) Cantos centros comarcais teñen hoxe unidades de coidados paliativos, e cantas unidades se abriron dende a súa chegada ao Goberno?

6.<sup>a</sup>) Cantos centros de atención primaria dispoñen de persoal de referencia neste tema para contactar coas unidades de coidados paliativos e as unidades de hospitalización a domicilio?

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2011

Asdo: Miguel Angel Fernández López  
María Carmen Acuña do Campo  
Modesto Pose Mesura

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Fernández López na data 13/10/2011 14:22:17**



Grupo Parlamentario

**María del Carmen Acuña do Campo na data 13/10/2011 14:22:25**

**Modesto Pose Mesura na data 13/10/2011 14:22:29**

.....  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
.....





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Miguel Ángel Fernández López, María Carmen Acuña do Campo e Modesto Pose Mesura**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa á situación da Unidade de Coidados Paliativos no Complexo Hospitalario de Ourense.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Na anterior lexislatura elaborouse e púxose en marcha o Plan autonómico de coidados paliativos. A Consellaría de Sanidade, e polo tanto a nosa Comunidade, recibiu as felicitacións e parabéns das sociedades científicas implicadas na atención destes pacientes ao longo do Estado pola súa calidade, e pola implicación do Goberno galego na mellora asistencial dos pacientes afectos de patoloxías subsidiarias de ser atendidas nas ditas unidades.

Dito plan tiña como misión prestar atención integral e integrada aos pacientes con enfermidade avanzada e complexa, garantíndolles a mellor calidade de vida posible e dándolles resposta axeitada ás súas necesidades e ás dos seus familiares e/ou coidadores.

Dende a chegada do Goberno do PP iniciáronse unha serie de recortes asistencias que están a menoscabar a calidade asistencial do sistema sanitario público de Galicia. Unha das áreas máis afectada é a referente ás unidades de coidados paliativos, e a suspensión do Plan de coidados paliativos.

A parálise do dito plan supuxo que a extensión prevista aos hospitais comarcais e ás unidades de primaria, fundamentais en opinión dos profesionais para facer unha mellor asistencia ao doente se paralizase.

Un caso moi rechamante é o caso da Unidade de Coidados Paliativos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense que dende a súa creación contaba con dous profesionais a tempo completo para a dita unidade, e para atender aos pacientes que requirían atención nesta unidade.



Grupo Parlamentario

A circunstancia é que esta unidade hai máis dun ano que tan só conta cun profesional, xa que a ausencia de un dos dous profesionais non foi cuberta polos directivos do hospital.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O esforzo persoal do profesional que atende á dita unidade, que deixou de exercer o seu dereito de librar as gardas en xornada laboral, fixo posible, na nosa opinión, que a dita asistencia non se resentirá de forma alarmante.

Por todo iso queremos preguntarlle á Consellaría de Sanidade as seguintes cuestións:

1.<sup>a</sup>) Cal é a dotación de recursos humanos da Unidade de Paliativos de CHOU?

2.<sup>a</sup>) Cal é o motivo polo que non se substituíu a un dos profesionais da dita unidade?

3.<sup>a</sup>) Repercutiu, na súa opinión, na asistencia que presta esta unidade aos pacientes?

Pazo do Parlamento, 11 de outubro de 2011

Asdo: Miguel Angel Fernández López  
María Carmen Acuña do Campo  
Modesto Pose Mesura  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Fernández López na data 13/10/2011 14:19:47**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 13/10/2011 14:19:57**



Grupo Parlamentario

**Modesto Pose Mesura na data 13/10/2011 14:20:01**

.....  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
.....



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Miguel Ángel Fernández López, Modesto Pose Mesura, Beatriz Sestayo Doce e María Carmen Acuña do Campo**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, sobre a valoración que fai a conselleira de Traballo e Benestar do incremento do paro na nosa comunidade.

Mes a mes os datos publicados polo Sistema de Xestión dos Servizos Públicos de Emprego estatais, e pola Consellaría de Traballo e Benestar, demostran a incapacidade do Goberno galego para facer fronte ao incremento progresivo que se está a producir no número de parados e paradas na nosa comunidade.

Segundo estes datos, mentres que no conxunto do Estado o crecemento no número de parados é dun 2.32% , na nosa comunidade é do 3.71%. En canto ao crecemento interanual Galicia incrementa o número de parados nun 7.79% mentres que o Estado faino nun 5.20%.

Se falamos do número de contratos feitos os datos comparativos non son mellores. Mentres que no Estado o crecemento de contratos en relación co mes anterior é dun 31.32%, fronte ao 9.16% de Galicia.

Os datos son máis sorprendentes se falamos do incremento no número de contratos indefinidos con respecto o mes anterior. No Estado este incremento é do 58.38%, fronte ao 16% que se produciu en Galicia.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Como valora a Sra. conselleira de Traballo e Benestar os datos publicados polo Ministerio de Traballo a través do sistema de Xestión dos Servizos Públicos de Emprego, e pola Consellaría de Traballo e Benestar?



Grupo Parlamentario

2.<sup>a</sup>) A que atribúe a Sra. conselleira a mala evolución comparativa co resto do Estado da nosa Comunidade?

3.<sup>a</sup>) Que medidas ten previstas a consellaría para corrixir esta evolución negativa, que afecta ao conxunto dos cidadáns galegos?

4.<sup>a</sup>) Que medidas ten previsto adoptar a Sra. conselleira para corrixir o constante descenso no numero de contratos indefinidos, que se esta a producir en Galicia, comparado co resto do Estado?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 11 de outubro de 2011

Asdo.: Miguel Ángel Fernández López  
Modesto Pose Mesura  
Beatriz Sestayo Doce  
María Carmen Acuña do Campo  
Deputados e deputadas do G. P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Fernández López na data 13/10/2011 14:17:27**

**Modesto Pose Mesura na data 13/10/2011 14:17:31**

**Beatriz Sestayo Doce na data 13/10/2011 14:17:34**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 13/10/2011 14:17:43**

Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Beatriz Sestayo Doce**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O recorte de servizos públicos ou o seu desmantelamento vén sendo unha constante dende a toma de posesión do Goberno Feijoo. Educación, Sanidade, Políticas Sociais sofren reiteradamente os ataques frontais das políticas da dereita, seguindo a folla de ruta do seu ideario non confeso pero si practicado.

Unha das eivas que se veñen producindo na área de Beirarrúa é a terrible xestión que se está a levar a cabo en relación con transporte adaptado do 065. Unha vez máis os anuncios e os grandes titulares proporcionados pola conselleira, Sra Mato, chocan frontalmente coas protestas de moitísimas usuarias e usuarios que denuncian masivamente situacións de falla de funcionamento do servizo.

Persoas que se quedan sen poder ir ao hospital, ao médico, á rehabilitación, que se quedan esperando tras a confirmación do servizo horas na beirarrúa, persoas que vén confirmado o servizo para despois telo denegado son só uns poucos exemplos constatables do que está a ocorrer en toda Galicia. A discapacidade e a diversidade funcional están a ser maltratadas pola Xunta de Galicia, abrindo fendas á igualdade de oportunidades entre as persoas ao vetar as posibilidades das persoas afectadas

En virtude do exposto, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Cantos vehículos de Transporte Adaptado adscritos ao 065 existen en Galicia?
- 2.<sup>a</sup>) Que servizos prestan cada un deles?
- 3.<sup>a</sup>) Cales son as rutas existentes na actualidade dos vehículos do transporte adaptado?



Grupo Parlamentario

4.<sup>a</sup>) Cantos servizos se teñen deixado sen prestar nos anos 2010 e 2011?

5.<sup>a</sup>) Por que existen multitude de servizos sen prestar?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 10 de outubro de 2011

Asdo: Beatriz Sestayo Doce  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Beatriz Sestayo Doce na data 13/10/2011 11:46:27**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Como viña sendo habitual ata agora, no Diario Oficial de Galicia do día 24 de maio de 2010, publicábase a Orde do 12 de maio de 2010 pola que se convocaban os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematara os seus estudos universitarios no ano 2010 nas universidades do sistema universitario de Galicia.

Estes premios teñen como finalidade, como se indica na propia orde, favorecer “a calidade, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico”, así como, no ámbito universitario, “apreciar e incentivar a excelencia académica dos seus estudantes como aposta de futuro do noso país”.

Sen embargo, no presente ano, non foi publicada aínda a Orde correspondente aos Premios Fin de Carreira para o alumnado que finalizara a súa carreira no ano 2011. Un atraso o suficientemente amplo como para que existan dúbidas fundadas acerca das intencións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria respecto de realizar ou no dita convocatoria.

Estas son as razóns polas que os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pensa publicar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a convocatoria dos Premios Fin de Carreira para o alumnado que rematara os seus estudos universitarios no ano 2011 nas universidades do sistema universitario de Galicia?
2. De ser así, a que se debe o atraso da convocatoria?





Grupo Parlamentario

3. Cal será o crédito asinado a dita convocatoria e cal é, de habela, a variación con respecto ao curso pasado?
4. De non ser así, cales son as razóns da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para proceder a suprimir esta convocatoria?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2011

Asdo.: Guillermo Meijón Coucelo  
Concepción Burgo López  
Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Francisco Cerviño González  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Guillermo Antonio Meijón Coucelo na data 13/10/2011 16:39:41**

**María Concepción Burgo López na data 13/10/2011 16:39:47**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/10/2011 16:39:53**

**Francisco Xulio Cerviño González na data 13/10/2011 16:39:59**

## Á Mesa do Parlamento

**Emma Alvarez Chao e José Manuel Balseiro Orol** deputada e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión**.

Nos meses de maio e xuño pasados a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia, ADEGA e a asociación Mariña Patrimonio denunciaban na prensa a agresión a dúas mámoas na Mariña Lucense con maquinaria pesada a consecuencia de dúas repoboacións forestais.

As mámoas denunciadas son a do Pico da Lebre, na parroquia de San Martiño de Mondoñedo no concello de Foz e unha segunda na no Monte de A Canteira na parroquia de Portocelo no concello de Xove.

En relación a este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- ¿Estaban inventariadas as mámoas do Pico da Lebre e do Monte de A Canteira e como consecuencia incluídas dentro das figuras de planeamento vixentes?
- 2.- ¿Cales foron os danos ocasionados nas mámoas do Pico da Lebre e do Monte de A Canteira?
- 3.- ¿Cales foron as medidas levadas a cabo pola Consellería de Cultura unha vez coñecidas as accións levadas a cabo polos propietarios forestais?
- 4.- ¿Ten pensado a Xunta de Galicia adoptar medidas de protección e a súa inclusión nos planeamentos vixentes das mámoas do Pico da Lebre e do Monte de A Canteira?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2011



grupo  
parlamentario  
de Galicia




PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/10/2011 17:49  
Nº Rexistro: 72155  
Data envío: 13/10/2011 17:49:35.950

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria Emma Álvarez Chao na data 13/10/2011 17:44:40**

**Jose Manuel Balseiro Orol na data 13/10/2011 17:44:51**

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA  
Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 519  
F. 981 551 422  
[gp.parlamentariopopular@xg.es](mailto:gp.parlamentariopopular@xg.es)  
[www.pdgalego.es](http://www.pdgalego.es)



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/10/2011 12:45  
Nº Rexistro: 71951  
Data envío: 11/10/2011 12:45:37.050

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa aos servizos mínimos fixados na CRTVG na folga convocada o pasado 10 de outubro.

O 10 de outubro, o Comité Interempresas da CRTVG, convocaba unha folga nos medios públicos galegos. Unha convocatoria realizada para amosar o desacordo coa proposición de lei de reforma de CRTVG, por consideraren que esta lei non soluciona os problemas e retos que teñen a televisión e radio galegas, establecendo un horizonte de inseguranza, tanto do punto de vista do modelo, como do punto de vista da continuidade do persoal que na actualidade traballa nos medios públicos.

A Xunta de Galiza fixou uns servizos mínimos, que se recollen na orde publicada no DOG dese mesmo día. Uns servizos mínimos criticados polas organizacións sindicais convocantes por consideralos abusivos. De feito, segundo sinalan, o persoal que se recolle nesta orde é similar ao dun día festivo ou ao que existen durante a fin de semana. Trátase sen dúbida dunha actuación que pretende invisibilizar ante a opinión pública o efecto desta folga, evitando que a programación habitual da CRTVG se vexa alterada. Unha actuación que atenta contra un dereito fundamental como é o dereito á folga.

Polo dito, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Que criterios seguiu a Xunta de Galiza á hora de fixar os servizos mínimos na



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

folga convocada na CRTVG o pasado 10 de outubro?

2.ª) Que razóns levaron á Xunta de Galiza a non pactar estes servizos cos convocantes desta Folga?

3.ª) Considera a Xunta de Galiza que estes servizos mínimos son compatíbeis co dereito á folga?


Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 11/10/2011 11:18:57**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión de control da Compañía da RTVG**, en relación coa valoración da folga celebrada na radio e televisión pública de Galiza o pasado 10 de outubro de 2011 e as demandas que a xustificaron a súa convocatoria.

O pasado 11 de outubro de 2011 as e os traballadores da CRTVG estaban convocados a unha folga para protestar pola reforma legal, pactada entre o PP e o PSOE, que se está tramitando no Parlamento de Galiza. Centran as súas críticas a este texto en relación coa ausencia dun cambio real na radio e televisión galegas que mude o control governamental existente, na blindaxe do seu carácter público e na necesidade de garantir a subrogación do persoal no proceso de adaptación da compañía ao novo marco legal.

Esta xornada de folga tivo un seguimento moi importante -a pesar duns servizos mínimos abusivos- demostrando un forte rexeitamento aos postulados que se recollen na reforma da lei pactada por PP e PSOE. É coñecida a posición do BNG, que defendeu un texto legal propio, e que comparte as críticas que levaron á convocatoria desta folga.

Consideramos de interese coñecer a valoración que fai o Director Xeral da CRTVG desta convocatoria, así como, das accións que vai desenvolver en asuntos clave para o futuro modelo de medios públicos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Polo anterior, presentamos as seguintes preguntas dirixidas ao Director Xeral da CRTVG:

1.<sup>a</sup>) Que valoración ten o Director Xeral da CRTVG sobre a convocatoria e seguimento da folga?

2.<sup>a</sup>) Que opinión ten en relación cos motivos que levaron á convocatoria desta folga?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 11/10/2011 13:12:13**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Luis Méndez Romeu, María José Caride Estévez, María Concepción Burgo López e José Manuel Lage Tuñas,** deputados e as deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión permanente non lexislativa da Compañía da RTVG**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A Lei do audiovisual estableceu que o seis por cento dos ingresos da Compañía de Televisión de Galicia, sería investido no sector audiovisual. Esa norma permitiu o desenvolvemento do sector.

Recentemente, a Televisión de Galicia está aplicando unha política de recortes nas axudas á produción e tamén criterios de opacidade na concesión de axudas. Sábese que as axudas para a produción discriminan ás empresas. Tamén é coñecido o arbitrario criterio nas axudas ás diferentes modalidades da produción: longametraxes, series e animación.

Ademais, a Axencia Galega de Industrias culturais tamén está aplicando recortes e discriminacións.

Doutra banda, a Televisión de Galicia vén incumprindo os criterios de transparencia, esquecendo a publicación de contratos en Internet, a publicidade dos concursos, etc.

É, por iso, que se formulan as seguintes preguntas o Goberno galego:

1.<sup>a</sup>) Considera o Goberno galego que se está a cumprir a lei en materia de axudas ao audiovisual?

2.<sup>a</sup>) Que criterios utiliza a TVG para seleccionar empresas produtoras de contratos audiovisuais?

3.<sup>a</sup>) Que criterios presiden a distribución de axudas entre as diferentes modalidades de produción?





Grupo Parlamentario

4.<sup>a</sup>) Cal foi a porcentaxe dos ingresos aplicado ao funcionamento da produción allea nos anos 2010 e 2011?

5.<sup>a</sup>) Por que non se dá publicidade aos contratos na web da Compañía?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2011

Asdo: José Luis Méndez Romeu  
María José Caride Estévez  
María Concepción Burgo López  
José Manuel Lage Tuñas  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia


**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 13/10/2011 10:27:05**

**María José Caride Estévez na data 13/10/2011 10:27:09**

**María Concepción Burgo López na data 13/10/2011 10:27:18**

**José Manuel Lage Tuñas na data 13/10/2011 10:27:26**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas que vai adoptar a CRTVG para depurar responsabilidades polas represalias adoptadas contra dous xornalistas que secundaron a folga do pasado 10 de outubro.

O Comité Interempresas da Compañía da Radio Televisión de Galiza (CRTVG) fixo pública a denuncia de que se estaban adoptando represalias contra un traballador e unha traballadora da televisión pública, pola súa participación na xornada de folga convocada o pasado 10 de outubro para protestar pola reforma legal -pactada entre o PP e o PSOE- dos medios públicos galegos. Concretamente, dous presentadores da TVG –Ana Pérez e Alfonso Hermida-, aos que se lles comunicara que ían presentar o especial informativo da TVG correspondente á noite electoral do 20-N, após a súa participación nesta xornada, a dirección da TVG decide, como represalia, afastalos deste programa. Unha decisión absolutamente impropia e indigna dun medio de comunicación público e que só se pode caracterizar como autoritaria e antidemocrática.

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) demanda ao Director Xeral da CRTVG, D. Alfonso Sánchez Izquierdo, que depure as responsabilidades ás que houber lugar polas represalias adoptadas desde a área de informativos da TVG contra dous xornalistas da televisión pública galega. É urxente que se depuren as responsabilidades ante feitos tan graves, que constitúen un atentado contra os dereitos constitucionais de dous xornalistas. A xuízo do BNG, o Director Xeral da CRTVG só



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/10/2011 11:53  
Nº Rexistro: 72070  
Data envío: 13/10/2011 11:53:54.138

ten dúas opcións: ou depura responsabilidades no seo do departamento de Informativos da TVG ou presenta el mesmo a súa dimisión.

Polo dito, formulamos as seguintes preguntas para a súa reposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Que medidas vai adoptar o Director Xeral da CRTVG ante os feitos que se relatan nesta pregunta?

2.<sup>a</sup>) Vai o D. X. da CRTVG depurar responsabilidades ante a vulneración de dereitos fundamentais dun traballador e dunha traballadora da TVG?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 13/10/2011 11:51:51**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Lage Tuñas**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia


Os presentadores Alfonso Hermida e Ana Pérez foron apartados do especial que TVG emitirá o día 20 de novembro con motivo das eleccións xerais, no que estaba prevista a súa participación. A razón, segundo o comité interempresas, é que o pasado luns, durante a folga convocada nos medios públicos, ambos puxeron cara e voz a un telexornal alternativo escenificado na Praza do Toural de Santiago. Esta acción inscríbese nunha serie de actos reivindicativos do persoal da CRTVG dirixidos a defender os seus dereitos laborais, xusto no momento en que se debate a reforma da CRTVG no Parlamento de Galicia, a través dunha Proposición de lei conxunta do Partido Popular e do Grupo dos Socialistas de Galicia.

Tendo en conta as informacións aparecidas en diferentes medios de comunicación así como o denunciado polos lexítimos representantes dos traballadores da CRTVG, o Grupo Socialista demanda con urxencia explicacións por parte da Dirección Xeral da CRTVG.

Os socialistas galegos estamos fondamente comprometidos coa liberdade de expresión, co dereito á folga e á defensa lexítima dos dereitos dos traballadores, e estamos frontalmente en contra de calquera acción gubernamental de "depuración" ou "vendetta" sobre os traballadores citados ou sobre calquera outro profesional dos medios de comunicación. É intolerable que se tomen represalias cos profesionais da comunicación porque fagan uso dos seus dereitos constitucionais.

O Goberno galego, dirixido por Alberto Núñez Feijóo, sigue utilizando a CRTVG como unha ferramenta máis da estrutura partidaria do Partido Popular e esta "arbitraria" decisión é unha mostra máis de como se veñen xestionando os medios públicos de comunicación en Galicia.



 Grupo Parlamentario

Polo anteriormente exposto, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para o seu debate na Comisión de Control da CRTVG:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1. Por que a dirección da TVG tomou represalias cos presentadores Alfonso Hermida e Ana Pérez e os apartou do especial informativo da TVG do 20-N?
2. Cal é a causa da "depuración" dos citados profesionais por parte da dirección da TVG?

Pazo do Parlamento, 13 de outubro de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lage Tuñas na data 13/10/2011 16:32:05**



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727